

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS DA CONTRATACIÓN DO O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E VIXILANCIA DA SAÚDE DO PERSOAL DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS.

De conformidade co disposto na Lei 31/1995, de 8 de Novembro, de Prevención de Riscos Laborais, desenvolvida, entre outros, polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Servizos de Prevención de Riscos Laborais, así como o Real Decreto 337/2010, de 19 de Marzo, que modifica o anterior Regulamento, o Concello de Caldas de Reis como empresario deberá garantir a saúde e seguridade dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co seu traballo, para o cual haberá de evitar os riscos, avaliar os riscos e planificar e aplicar a actividade preventiva.

Para o cumprimento das obrigacións contidas na normativa antes citada o empresario pode recurrir a servizos de prevención alleos á empresa e iso é o que se pretende con esta contratación.

O concepto de servizo de prevención segundo a citada Lei esténdese ao conxunto de medios humanos e materiais necesarios para realizar as actividades preventivas co fin de garantir a axeitada protección da seguridade e saúde dos traballadores, asesorando e asistindo ao empresario, aos traballadores e aos seus representantes.

Contido do servizo de prevención.

O servizo de prevención deberá prestar ao Concello asesoramento e apoio en todo o referente a:

- Deseño, aplicación e coordinación dos planes e programas de actuación preventiva.
- Avaliación dos factores de risco que poidan afectar á seguridade e a saúde dos traballadores nos términos do artigo 16 da Lei 31/1995.
- A determinación das prioridades na adopción de medidas preventivas axeitadas e a vixilancia da súa eficacia.
- Información e formación dos traballadores.
- A prestación de primeiros auxilios e plans de emerxencia.
- A vixilancia da saúde dos traballadores en relación cos riscos derivados do traballo, incluídas revisións médicas anuais de todos os traballadores municipais e vacinacións do persoal que debido aos riscos que asume no traballo sexa necesario. As revisións médicas se realizarán en centros situados na provincia de Pontevedra, e serán efectuados por persoal propio do servizo de prevención adxudicatario.
- Investigación de accidentes laborais.
- Informar ao Comité de Seguridade e Saúde de todas as actuacións e informes que sexan emitidos.
- Todas as obrigacións de prevención que deriven da normativa vixente que sexa de aplicación.

A empresa que preste o servizo de prevención terá carácter interdisciplinario debendo ser os seus medios axeitados para cumprir as súas funcións segundo o disposto na Orde TIN 2504/2010, de 20 de Setiembre.

Asimesmo, a formación, especialidade, capacitación, dedicación e número de componentes destes servizos, así como os seus recursos técnicos, deben ser suficientes e acaídos ás actividades preventivas a desenvolver en atención ao volume do Concello e riscos aos que se atopan expostos os traballadores.

Para poder presentar oferta neste procedemento deberá achegarse documento que acredite a

estas entidades especializadas como autorizadas pola Administración Laboral para a prestación destes servizos.

O Concello de Caldas de Reis se comprométese ao seguinte:

- Permitir o acceso aos centros de traballo ás persoas que deban de prestar os servizos concertados.
- Facilitar ao servizo de prevención toda a información relativa á organización, características, complexidade do traballo, equipos de traballo, etc. existentes.
- Recepcionar os informes e recomendacións emitidos polo servizo de prevención.
- Integrar a actividade preventiva de forma que todos os niveis xerárquicos do Concello asuman a obrigaón.
- As demais previstas na Lei e normativa de desenvolvemento.

Programa de Traballo. A empresa prestadora do servizo deberá presentar un programa de traballo no prazo dun mes a contar desde a fecha de adxudicación do contrato que comprenda de forma pormenorizada todas as actividades a realizar.

En todo o non previsto no presente Prego será de aplicación o establecido na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Servzos de Prevención de Riscos Laborais, Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo, polo que se modifica o anterior Regulamento, Orde TIN 2504/2010, de 20 de setembro, entre outra normativa de aplicación relativa á prevención de riscos laborais.”

3º.- Enviar anuncio de licitación ao perfil de contratante.

Caldas de Reis, 26 de xaneiro de 2012.

O Alcalde,

Asdo.: Juan Manuel Rey Rey